

CONTRATO PARA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE AMES. PAI 2016

Na Casa do Concello de Ames a 10 de febreiro de 2017

REÚNENSE:

Dunha parte, D. José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido da secretaria accidental do Concello, D^a Concepción Vilas Cantelar, en execución dun acordo relativo a unha adxudicación de obra, que foi adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 5 de xaneiro de 2017.

Doutra parte, don Javier Sal Pérez, con NIF 32.823.864-N, en representación e na súa calidade de apoderado da empresa "COPCISA SA" con CIF A-08.190.696, inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Deputación da Coruña co número 1201 e domicilio a efectos de notificación na rúa Cabana nº. 5-1º de A Coruña.

É o obxecto da presente reunión formalizar e asinar o contrato administrativo de execución da obra de "reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames", e ó obxecto establecen as seguintes

CLAÚSULAS:

1ª.- O Concello de Ames adxudica a COPCISA SA a realización das obras comprendidas no proxecto de "reparación e acondicionamento do cemiterio municipal de Ames" no prezo de douscentos oito mil douscentos noventa e nove euros e trece céntimos (**208.299,13.- euros**) máis o IVE repercutible ao tipo do 21% que ascende a contía de corenta e tres mil setecentos corenta e dous euros e oitenta e dous céntimos (**43.742,82.- euros**) de acordo cos pregos e resto de condicións polas que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada polo adxudicatario.

2ª.- Constitúe o obxecto do contrato a execución da obra especificada no prezo indicado, de acordo co prego de condicións polo que se rexeu o concurso e co proxecto que serviu de base para tramitación e aprobación da obra, así como coa oferta presentada polo adxudicatario.

3ª.- Os pagos serán aboados ao contratista contra certificación de obra aprobada polo órgano correspondente da Corporación.

4ª.- A obra será executada no prazo máximo de **3 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

5ª.- O contratista constituíu unha fianza definitiva por importe de **10.414,96.- €**, mediante a constitución de seguro de caución nº. 201606017, correspondente ó 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

6ª.- O contratista colocará, pola súa conta, desde o inicio das obras, un cartel das características que lle serán facilitadas polo Concello.

Lido que foi o presente contrato, do cal forma parte integrante o prego de cláusulas administrativas que rexeu para adxudicación da obra, e facendo constar que se estende por duplicado e a un só efecto e que entrará en vigor no mesmo día da data, asínano, unha vez conformes, o señor alcalde e contratista de que eu, a secretaria accidental, certifico.

O ALCALDE,-



Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

A SECRETARIA ACCTAL.,-



O CONTRATISTA,-



COPCISA S.A.
C.I.F. A-08190696
c/ Cabana, 5 1
Tel: 981 13 66 37
15006 A Coruña